

FIRST EDITION
D01

SEPTEMBER - DECEMBER

2020-2021

Bembibre High School

A world of words since 1998



The best school to study

CPI BEMBIBRE
Rúa Socortes, 18. Val do Dubra.

The School Magazine

I FEEL
LIKE
MAKIN'
DREAMS
COME
TRUE

CONTENTS

Estudar en época de pandemia.
O alumnado do CPI Bembibre opina.

P 5

Samaín & Halloween. A festa dos seres do Alén.
Actividades complementarias e extraescolares e Artes plásticas.

P 6

Magosto.
Actividades complementarias e extraescolares.

P 6

Obradoiro de convivencia e relacións sociais.
Departamento de Orientación e Quérote +

P 11

Día universal da infancia e a adolescencia.
Actividades complementarias e extraescolares e Titorías.

P 12

Contacontos por Paula Carballeira.
Proxecto Tíralle da Lingua, Normalización Lingüística e Música.

P 15

25 - N. Día Internacional contra as violencias de xénero.
Actividades complementarias e extraescolares e Valores éticos.

P 18

Thanksgiving Day.
Departamento de Inglés e Artes Plásticas.

P 20

Eles tamén poden vestir saia.
O CPI de Bembibre en solidariedade co alumnado do IES de Tui.

P 22

Charlas de orientación académico profesional.
Departamento de Orientación.

P 24

Mostra de fotografías antigas de Galicia.
Xeografía e Historia e Artes Plásticas.

P 24

Devesa de Gontar.
Biloxía, Artes Plásticas e Educación Física.

P 26

Art from Bembibre.
Departamento de Artes Plásticas.

P 28

O Nadal e os festivais de inverno na China e Xapón.
Conferencias e obradoiros a cargo de Xuan Shao e Irene de la Fuente Páramo.

P 30

*"La educación
es el arma más
poderosa que
puedes usar
para cambiar
el mundo"*

Nelson Mandela

O MEU PRIMEIRO
TRIMESTRE COA
PRESENZA DO
CORONAVIRUS

Foi un trimestre diferente. Ao principio foime un pouco complexo adaptarme a situación e ao protocolo, pero rapidamente habitueime. Utilicei a aula virtual, xa que, algúns mestres poñían tarefas aí e non me parece unha plataforma difícil de manexar. Agora fago a maior parte das clases na miña aula. Materias como tecnoloxía, que o curso pasado ía ao taller, este trimestre xa non se puido ir. Levaba e sigo levando mal, o non poder estar cos meus amigos/as e compañeiros/as da mesma maneira que fai un ano. En conclusión, prefiro a rutina de colexio sen este virus, pero agora xa estou máis que habituada a esta situación e sei o importante que é cumprir o protocolo para que isto se acabe o máis pronto posible.

Alba Nieto, 3º ESO.



CPI DE BEMBIBRE
Rúa Socortes 18, Bembibre, 15873, Val do Dubra.
Tf. 881 866 981
cpi.bembibre@edu.xunta.gal

Estudar en época de pandemia

UN POUCO RARO

Hai moitas maneiras de explicar como foi este trimestre co coronavirus, pero cada un ten a súa versión e a súa forma de describilo. Esta é a nósa experiencia:

As primeiras semanas costounos coller o hábito de estudo, xa que na cuarentena só facíamos deberes e traballos, e ao xuntarse co verán foron 6 meses sen escola. Ao chegar ao colexio non podemos ir todos xunt@s, nin por grupos, e no campo de fútbol, temos que estar colocados todos en fila, isto para a maioría é algo difícil, pois é moi complicado esperar sen ir cara as túas amig@s ou sen moverse do sitio.

O primeiro día parecíamos robots, porque estabamos completamente quietos, no nóso lugar, ata os profesores nos decían que nos podíamos mover un pouco, pero co paso dos días fómonos acostumbrando. Agora xa estamos como si nada. Pero non nos gustaba nin nos gusta estar nun espazo limitado.

Isto relaciónase co recreo, xa que é moi incómodo quedarte nun cadro como si fósemos animais, e non poder relacionarte cos outros cursos e ir polo espazo que ti queiras. Por exemplo, se queremos ir a parte de dentro, non podemos, xa que debemos quedar no noso lugar. Ademais, este ano non se pode ir á biblioteca, e é un fastidio, porque a parte de coller libros, no recreo da tarde, estabamos alí case todo o instituto, e facíamos os deberes, relacionábamnos cas demais clases e era moi divertido. Pero este ano como na biblio, están os alumnos de 1º A, porque son 24 na clase e non hai aulas tan grandes para manter as distancias, pois o uso da biblioteca pechouse, aínda que nos recreos se poidan coller libros.

Persoalmente o xel desinfectante, non nos molesta, xa que só é botalo á entrada e saída das aulas, pero ter que desinfectar todo cada vez que o usamos, si que é molesto, xa que si lle queres prestar un lápiz a un compañeiro, hai que desinfectalo ao darllo e ao recibilo. Tamén hai que limpar as mesas co virucida polas mañás. Os primeiros días non nos acordábamnos pero agora xa estamos acostumbrados. Tamén ao entrar nas aulas de música e de tecnoloxía. En música non podemos usar os instrumentos de vento, xa que cuspimos moita saliba, e é unha pena porque este é o primeiro ano de música e tiñamos ganas de tocar novos instrumentos, pero polo menos podemos tocar a percusión. Tampouco podemos ir ao laboratorio, porque non hai sitio para manter as distancias.

O comedor non está mal, pero fastidia estar separados cunha mampara diante túa, ademais non podes sentarte donde queiras nin cos teus amig@s, e non lles podes falar porque non che escoitan. A parte de que non te poidas xirar cara atrás para falar cos teus compañeiros.

Un dos motivos máis molestos, é ter que ter as ventás e portas case toda a hora abertas. Nós, para non ter frío, trouxemos mantas, pero é un pouco incómodo para escribir.

Este ano non podemos usar as estanterías dos libros, iso significa que os libros temos que telos no pupitre, e non caben todos con moita facilidade e sempre están caendo. O ano pasado era máis cómodo porque os libros nas asignaturas que non nos tocaban deixábamolos na estantería. Polo contrario, agora temos que deixalos na casa ou cargar na mochila con eles.

Este curso, unha das cousas que non podemos facer, é realizar actividades que o ano pasado podíamos facer. Por exemplo, facer actividades grupais ou en parellas, é dicir, antes podíamos en clase de francés facer unha actividade oral dunha conversación, en bioloxía facer experimentos, etc... Este ano non podemos xuntar as mesas nin facer grupos.

Tamén hai que dicir, que o temas das mascarillas danos un pouco igual, pero si que nos molesta en ximnasia, xa que ao correr e ao facer deporte danos un pouco de fatiga e cansámonos máis rápido.

E agora deixamos para o último o peor de todo e o que máis nos fastidia. O tema das distancias, cremos que é o máis difícil e frustrante, porque ter que escoitar continuamente aos profes decírnos que hai que manter as distancias, que nos separemos, que non esteamos tan xuntos... Cansa bastante, e imaxinamos que tamén eles se cansarán de decilo. Ademais temos o hábito de acercarnos a xente cando falamos e é complicado non facelo. O de estar separados na clase, respetando as marcas das cadeiras, nas filas e manter o metro e medio é bastante frustrante. O peor é que non o facemos a posta se non que inconscientemente.

En conclusión, esta é outra etapa da nósa vida, e o único que podemos facer é fastidiarnos e esperar.

Lucía Rosa e Marina Poli, 2º B.

Experiencias

A festa dos seres do alén

SAMAÍN

30 OUTUBRO

CERTAMES:

- Tocados, sombreiros ou máscaras de Samaín.
- Banda deseñada (Galego).
- Relatos de Halloween (Inglés).

PROGRAMA:

12:50 - Magosto: reparto de castañas asadas.
Trick or Treat: reparto de caramelos.

13:30 - Desfile de tocados, sobreiros e máscaras de Samaín.

14:00 - Concerto a cargo do alumnado de 2º ESO dirixidos polo docente Roberto Sobrado.

2º A - "Perfect" de Fairground Attraction.
2º B - "Englishman in New York" de Sting.

14:30 - Fallo do xurado e entrega de premios dos concursos (Deseño de tocados/máscaras/sombreiros, Banda deseñada e Relatos Halloween).



BASES DOS CONCURSOS DE SAMAÍN

O XURADO PODE DECLARAR ALGÚN PREMIO DESERTO.
PARA TODOS OS CONCURSOS HABERÁ DÚAS CATEGORÍAS

-1º CICLO: 1º e 2º ESO.
-2º CICLO: 3º e 4º ESO.

1. DESEÑO DE TOCADOS, SOMBREIROS OU MÁSCARAS

PRESENTACIÓN DO TRABALLO

- Técnica libre.
- Deberá ser confeccionado polx alumnx.
- Só se poderá presentar un traballo por participante.
- Presentación o 30 de outubro no desfile.

CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

- Orixinalidade e creatividade.
- Limpeza e presentación.
- Grao de perfeccionamento e detalle.
- Execución da técnica.

2. BANDA DESEÑADA

PRESENTACIÓN DO TRABALLO

- Formato A3(1 cara).
- Técnica lapis, rotulador ou ceras.
- Só se poderá presentar un traballo por participante.
- Debe presentarse en Galego.
- Data límite de entrega **26 de outubro**.

CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

- Calidade do debuxo.
- Limpeza e presentación.
- Orixinalidade e creatividade.
- Composición e secuenciación.
- Coherencia e cohesión.

3. RELATOS DE HALLOWEEN

PRESENTACIÓN DO TRABALLO

- Debe presentarse en Inglés.
- Extensión máxima de 200 palabras (1º e 2º ESO) e de 300 (3º e 4º ESO).
- Só se poderá presentar un traballo por participante.
- Data límite de entrega **26 de outubro**.

CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

- Orixinalidade e creatividade.
- Limpeza e presentación.
- Coherencia e cohesión do relato.
- Vocabulario, gramática e expresión.

Samaín & Halloween

A festa dos seres do Alén.


O 30 de outubro celebramos o Samaín, unha festividade de orixe celta que festexaba o final da tempada de colleitas, e que marcaba o inicio do ano novo na cultura dos nosos antergos celtas.

Esta é unha data especial pois, como di a lenda, na noite de defuntos ábrense as portas do alén e os espíritos voltan ao mundo dos vivos para visitar os seus antigos fogares.

Para celebrar este día fixemos un desfile de tocados, máscaras e sombreiros cunha temática acorde a noite de Samaín.



ART



Music

Tamén houbo concertos nos que participou o alumnado de 2ºA cantando a canción "Perfect" de Fairground Attraction e 2º B o tema "Englishman in New York" de Sting co acompañamento musical a cargo do profesor de inglés, Roberto Sobrado.



English



Reparto de lambonadas de truco ou trato.

Trick or treat!

Os premiados foron:

Deseño de tocados, máscaras e sombreiros de Samaín:

- 1º ciclo: Brais Torreira Antelo (1º ESO A)
- 2º ciclo: Analía Noya Varela (3º ESO A)

Banda deseñada:

- 1º ciclo: Valeria Rosa Vilariño (1º ESO A)
- 2º ciclo: Ángel López Varela (4º ESO A)

Relatos de Halloween:

- 1º ciclo: Lucía Rosa Vilariño (2º ESO B)
- 2º ciclo: Ángel López Varela (4º ESO A)

Analía desfilando co seu tocado de Samaín que resultou ser o primeiro premio da modalidade de deseño de tocados.

CREAT

Magosto




Degustando castañas. Que boas!

Obradoiro de convivencia e relacións sociais



Nos centros de ensino establécense vínculos co grupo de iguais, compártense experiencias e momentos significativos no proceso de construción persoal. Como espazos de convivencia que son, tamén xorden conflitos e, ás veces, estes poden levar a que os rapaces e rapazas se sintan feridos/as e agredidos/as por condutas e problemas cos seus compañeiros e compañeiras. Neste obradoiro a alumnado aprendeu a como abordar os conflitos e convertelos nunha oportunidade para aprender dun mesmo e dos demais.



Día universal da infancia e adolescencia

Fala!

20

NOVEMBRO

Día mundial da Infancia e Adolescencia

Mostra de teléfonos móbiles con mensaxes que expresan os intereses d@s nos@s adolescentes

CPI BEMBIBRE - SECUNDARIA



ESTUDOS

RELACIÓNS SOCIAIS

ECOLOXÍA

IGUALDADE

TECNOLOXÍA



Saber escoitar e debater en assemblea é
A Lección Máis Grande do Mundo

Liberdade de expresión

A comunicación é unha ferramenta necesaria para poder exercer o dereito á participación e a liberdade de expresión, así que, nesta actividade pediuse que cada alumno/a reflexionase sobre as súas preocupacións e intereses en relación cos dereitos dos/as adolescentes e a sociedade, co obxectivo de aprender a participar como cidadáns de pleno dereito.

new
be
YOU



ARE
YOU
HAPPY
NOW
?



Este curso tivemos a sorte de ter no centro a Paula Carballeira que nos ensinou a contar historias, todo elo dentro dun obradoiro ofrecido pola ASPG por participar no concurso de narrativa oral .

*High
Quality*

***Contacontos de
Paula
Carballeira***



Final da Língua é um processo da ASFG, dirigido ao comércio e profissional, em âmbito local de incentivar a normalização da oral da nossa língua, converter e utilizar em instrumentos da comunicação normal, de acessíveis e inclusivos de deficientes, de língua de sinais de todos os níveis de ensino, em deficientes, de documentos ao português e respectivo que lhe correspondem.

O valor inclui, atemporal a competência relativa entre a classe afetada!

REGRAS DO CONCURSO

1. O participante deve ser cidadão português, de qualquer idade e nacionalidade.

2. O participante deve ser residente em Portugal.

3. O participante deve ser cidadão português e estar em pleno gozo dos seus direitos políticos. Não são admitidos estrangeiros, cidadãos estrangeiros ou cidadãos de países estrangeiros.

4. O participante deve ser cidadão português e estar em pleno gozo dos seus direitos políticos. Não são admitidos estrangeiros, cidadãos estrangeiros ou cidadãos de países estrangeiros.

5. O participante deve ser cidadão português e estar em pleno gozo dos seus direitos políticos.

6. O participante deve ser cidadão português e estar em pleno gozo dos seus direitos políticos.

7. O participante deve ser cidadão português e estar em pleno gozo dos seus direitos políticos.

8. O participante deve ser cidadão português e estar em pleno gozo dos seus direitos políticos.

9. O participante deve ser cidadão português e estar em pleno gozo dos seus direitos políticos. Não são admitidos estrangeiros, cidadãos estrangeiros ou cidadãos de países estrangeiros.

10. O participante deve ser cidadão português e estar em pleno gozo dos seus direitos políticos. Não são admitidos estrangeiros, cidadãos estrangeiros ou cidadãos de países estrangeiros.

11. O participante deve ser cidadão português e estar em pleno gozo dos seus direitos políticos. Não são admitidos estrangeiros, cidadãos estrangeiros ou cidadãos de países estrangeiros.

12. O participante deve ser cidadão português e estar em pleno gozo dos seus direitos políticos. Não são admitidos estrangeiros, cidadãos estrangeiros ou cidadãos de países estrangeiros.

13. O participante deve ser cidadão português e estar em pleno gozo dos seus direitos políticos. Não são admitidos estrangeiros, cidadãos estrangeiros ou cidadãos de países estrangeiros.

14. O participante deve ser cidadão português e estar em pleno gozo dos seus direitos políticos. Não são admitidos estrangeiros, cidadãos estrangeiros ou cidadãos de países estrangeiros.

15. O participante deve ser cidadão português e estar em pleno gozo dos seus direitos políticos. Não são admitidos estrangeiros, cidadãos estrangeiros ou cidadãos de países estrangeiros.



A arte da nossa língua!

Tíralle da lingua



Participamos no concurso de relato oral de Tíralle da lingua cunha historia contada en formato audiovisual titulada "O -3". Este traballo foi realizado polas alumnas de 2º B, Lucía Rosa, Luana Pastoriza e Marina Poli.



Alumnas de 2º A tamén contaron a historia "Rosa da Cabra". Traballo de María Fernández, Paula Otero e Carla Barreiro.



Galego



25 - N

Xunt@s

NON


Á VIOLÊNCIA DE XÉNERO

25 - N



- Mostra de murais e carteis contra a violencia cara ás mulleres.
- Visionado de audiovisuais contra a violencia de xénero e o matrimonio infantil aínda existente en algunhas culturas.
- Lectura do manifesto na sesión de titorías.

ESO



LOITEMOS DE FRONTE
CONTRA A VIOLENCIA
DE XÉNERO

CPI BEMBIBRE



O alumnado de 2º de ESO na materia de Valores éticos traballou sobre a problemática actual da violencia de xénero facendo un estudo, análise e reflexión sobre este tema e tamén sobre a existencia, aínda hoxe en día, do matrimonio infantil.

Os/as alumnos/as fixeron dous vídeos e un mural denunciando esta problemática e aportando ideas para combatir esta lacra social.

***Non ao maltrato, non ós golpes, non ós insultos, non ó acoso sexual,
non ás ameazas, non á indiferencia, non ás violacións!***

Contra as violencias



Fotograma do audiovisual contra a violencia cara as mulleres.



Mural contra o matrimonio infantil.

Thanksgiving Day

Aprendemos tradición doutras culturas ao mesmo tempo que practicamos o inglés.



THANKSGIVING - ORIGIN

Thanksgiving Day is a national holiday in the United States, and Thanksgiving 2020 occurs on Thursday, November 26. In 1621, the Plymouth colonists and Wampanoag Native Americans shared an autumn harvest feast that is acknowledged today as one of the first Thanksgiving celebrations in the colonies. For more than two centuries, days of thanksgiving were celebrated by individual colonies and states. It wasn't until 1863, in the midst of the Civil War, that President Abraham Lincoln proclaimed a national Thanksgiving Day to be held each November.

THANKSGIVING - TRADITIONS

People all over the United States celebrate this day in many different ways. See how folks make this holiday special.

Each year Americans in the United States celebrate the Thanksgiving holiday on the fourth Thursday of November. Most families follow traditions begun on the first Thanksgiving, but many have their own traditions that they follow each year. Here are some of the common traditions associated with Turkey Day.

THE TURKEY PARDON

Each year at Thanksgiving, the president of the United States receives a gift of two live turkeys. At a White House ceremony, the president traditionally "pardons" the National Thanksgiving Turkeys so they can live on a farm.



*Do you speak
English?*





***Tarta de
cabaza para
os participantes***

Eles tamén poden vestir saia!

CO
MI
NG

soon



As novas xeracións chegan pisando forte dispostas a romper os roles de xénero incrustados aínda, na sociedade actual. De tal xeito que algúns dos alumnos do IES de Tui decidiron unirse ao movemento surxido en TikTok, consistente en asistir a clase en saia o 4 de novembro, e así, reivindicar o dereito a que cada un poida vestirse libremente sin ser sinalado ou castigado.

Os alumnos foron amonestados pola directiva do centro ao levar dita vestimenta para asistir ás clases, o que ocasionou outro movemento en solidariedade con estes estudantes.

Alumnado de diversos centros galegos como o CPI de Bembibre decidiron acudir con saias as aulas para transmitir esta mensaxe e apoiar aos seus compañeiros do IES de Tui.



Ángel Parafita e Ismael Noya de 4º de ESO

Día internacional das persoas con discapacidade

O alumnado de Valores éticos trata este tema debatindo o caso de superación da cantante Viktoria Modesta, coñeceuse o seu traballo audiovisual es súas cancións en lingua inglesa. Tamén se abordou o caso do rapeiro "El Langui" e veuse a analizouse a curtametraxe "Cuerdas" facendo finalmente unha reflexión conxunta sobre a discapacidade.

3 DECEMBRO
Día Internacional das Persoas con Discapacidade

VIKTORIA MODESTA

TRASPASANDO BARRERAS

- Sensibilización
- Igualdade
- Inclusión
- Superación


CPI BEMBIBRE - ESO

Charlas de Orientación Académico-Profesional



Desde o Departamento de Orientación infórmase ao alumnado de 4º de ESO para continuar os seus estudos de Bacharelatos, Ciclos formativos e Universidade.

Mostra de fotografías antigas de Galicia



Original



O proxecto de fotografía antiga plantexado polo departamento de Xeografía e Histota e Artes Plásticas, tivo moi boa acollida entre o alumnado e o profesorado polo que se reuniron máis de 200 fotografías procedentes de diferentes puntos de Galicia, así como outras, froito da emigración da nosa xente. Nelas pódense observar as tradicións costumes e estilo de vida de tempos pasados.









Devesa de Gontar



Imos de ruta por Gontar para coñecer o fermoso salto de auga coñecido como ferverza do Rexedoiro ou Petisco do Castrón. Polo camiño coñecemos as especies máis destacados da contorna onde predominan os amieiros e os carballos que forman un magnífico bosque autóctono e, pequenos anfibios agochados no seu hábitat.





descubriendo no camiñar




Art from Bemibre

O alumnado de 4º de Artes Plásticas traballando no graffiti do CPI e no seu proxecto de arte Pop.



Graffiti & Pop Art



• WORK •
HARD

O Nadal, unha época do ano caracterizada por celebracións e festexos en moitos países e culturas diferentes. No noso país, celebrámolo decorando de xeito especial casas e rúas, cantando panxoliñas e degustando os doces típicos destas datas, pero non todos os países o celebran igual ca nós, por iso, este ano, o CPI de Bembibre, achegouse á cultura oriental para coñecer de primeira man as tradicións da cultura nipona e chinesa.

Coñecemos como se celebra o ano novo na China a través dunha conferencia impartida por Xuan Shao, licenciada en letras españolas da Universidade de Estudos Estranxeiros de Tianjin. Ten un Master en Enseñanza de Español como Lingua Estranxeira da Universidade de Salamanca e outro Master en Avaliación e Xestión de Patrimonio Histórico Artístico da Universidade de Salamanca.



Despois da conferencia Xuan aprendeunos a facer un faroliño chinés.






os festivais de inverno na China e

Xapón

A conferencia de Irene de la Fuente Páramo versou sobre o Nadal e os festivais de inverno de Xapón. Ela é unha profunda coñecedora da cultura nipona, pois ctualmente está estudando 7º curso de xaponés na Escola Oficial de Idiomas, está Licenciada en Filoloxía clásica e ten un Máster en iniciación á investigación en Textos da Antigüidade Clásica e a súa Pervivencia.

Con ela aprendemos moitas cousas ademáis de aprender a escribir os nosos nomes en xaponés e facer postais de ano novo (Nengajou) con frases típicas escritas tamén en xaponés.



ク
リ
ス
マ
ス

Bembibre High School

magazine



cpi.bembibre@edu.xunta.gal